

P.O.E.

PLAN DE ORIENTACION EDUCATIVA E PROFESIONAL

ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL

O actual sistema educativo considera a orientación educativa e profesional como un elemento básico para axudarlles ós alumnos e alumnas no seu desenvolvemento integral como persoas e para facilitarlle a toma responsable de decisións sobre o seu camiño formativo e o seu futuro laboral.

A tarefa da orientación consiste en promover e facilita-lo desenvolvemento persoal, educativo e profesional do alumno a través da axuda técnica e do asesoramento necesario e continuado.

O Decreto 120/1998, no artigo 55, converte a orientación educativa e profesional nun dos factores que favorecen calidade e mellora do ensino. Así mesmo, o artigo 60.1 da citada lei, determina que a titoría e orientación dos alumnos formará parte da función docente.

A orientación educativa e profesional é fundamental para o desenvolvemento adecuado do proceso educativo do alumnado e para aprender a transitar cara ó mundo laboral. Isto último consiste en traballar cos alumnos e alumnas axudándolles a lograr a maior concordancia posible entre os seus intereses, capacidades e expectativas, e as características e saídas profesionais dos distintos itinerarios formativos que ofrece o sistema educativo.

A orientación educativa e profesional deberá desenvolverse nos tres niveis que estrutura a organización escolar:

- Na aula: acción titorial
- No centro: departamento de orientación
- Sector escolar: equipos de orientación específicos.

Todo isto baixo unha formulación sistemática de intervención, é dicir, orientación como proceso e responsabilidade compartida polo equipo docente, coordinada polo titor, supervisada pola xefatura de estudos e asistida polo orientador e máis polos servizos externos de apoio. É, pois, unha tarefa cooperativa, competencia de todo o profesorado, especialmente dos titores e apoiada polo departamento de orientación.

A orientación deberá realizarse como unha parte integrante do proceso educativo e formativo dos alumnos e alumnas que posibilite na maior medida a súa autorrealización, xuntando, por unha banda, as capacidades, actitudes, intereses e valores da persoa e , por outra, as esixencias derivadas das opcións que ofrece o mundo laboral.

Orientar é educar para a vida e educar na capacidade para tomar decisións.

Educar para a vida, e devir, as aprendizaxes que realizan os alumnos deben ser funcionais, estar en conexión co seu medio e gardar relación co futuro que lles espera.

Educar na capacidade para tomar decisións, e devir, asesorando os alumnos sobre os diferentes itinerarios e opcións, facilitándolle o coñecemento de si mesmos e capacitándoos para a aprendizaxe.

Esta concepción da orientación está sustentada e fundamentada en tres principios:

- Prevención: orientación como un dereito de todo o alumnado, en todo momento e non unicamente cando aparece unha problemática específica.
- Desenvolvemento: os alumnos na súa interacción co medio van estruturando as súas capacidades, habilidades e destrezas a maila súa personalidade. Trátase de buscar un contexto motivador que estimule eses cambios.
- Intervención social: a intervención orientadora non debe ter en conta so ó individuo, senón que debe dirixirse ó contexto educativo e social no que se desenvolve.

No departamento de Orientación recae a responsabilidade de garantir o axeitado desenrolo da orientación educativa e da intervención psicopedagóxica coa finalidade de " optimiza-lo rendemento dos procesos de ensinanza-aprendizaxe".

Como consecuencia do marco teórico exposto, a orientación educativa pretende:

1. A funcionalidade dos aprendizaxes.
2. O axeitado asesoramento do alumno ó largo do seu avance no sistema educativo.
3. Ensinar a aprender.

Con elo, inténtase lograr unha axeitada educación integral e personalizada que harmonice as tres vertentes orientadoras: persoal, académica e profesional, a través da tutoría fundamentalmente, considerada a parte nuclear da acción educativa.

Non tódolos alumnos necesitan ser atendidos directamente polo orientador senón que esta atención conséguese a través do plan de acción tutorial(PAT).É dicir, o profesorado titor é o responsable de levar a cabo este plan proposto polo departamento de orientación, mentres que ó orientador correspóndelle coordinalo, realizar o seu seguimento, e facilitar materiais de apoio para traballar na hora semanal de tutoría.

O orientador intervén directamente co alumnado sempre que sexa necesario, no caso do alumnado con necesidades educativas especiais(n.e.e.) ó que lle debe facer unha avaliación psicopedagóxica para decidir as medidas de intervención mais axeitadas.

Tamén o orientador valorará aspectos psicopedagóxicos daqueles alumnos da ESO que son candidatos para seguir un programa de diversificación cumcular(PDC), un programa de garantía social(PGS)ou a escola de adultos.

A orientación educativa e profesional vai dirixida a toda a comunidade educativa:

- Ós alumnos e alumnas, no seu proceso educativo, para melloralo ou para axudarlles a superar dificultades,e para que desenvolvan adecuadamente tódalas capacidades(relacionarse cos demais e co seu entorno, coñecerse a si mesmos, ser autómo para aprender....)e que ademais, reciban unha formación que lles permita tomar decisións á hora de establecelo seu propio itinerario formativo dentro das diferentes opcións.

- O profesorado, para prestarlle apoio e asesoramento nas funcións que ten que desenvolver ,sobre todo mediante a acción tutorial,e noutras posibles necesidades e demandas .
- As familias, que teñen o dereito de recibir información e orientación para colaborar no proceso educativo dos seus fillos e fillas,non só en aspectos escolares, senón tamén para o seu desenvolvemento persoal e sobre o futuro que mais convín conforme as súas capacidades,intereses e motivacións

O desenvolvemento da orientación, na C.A. de Galicia, concrétase nas seguintes disposicións lexislativas:

-Decreto 324/1996 pola que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

-Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se dictan instrucións 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento.

-Decreto 120/1998 polo que se regula a orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia.

-Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional nesta comunidade Autónoma.

-Lei orgánica2/2006,de 3 de maio,de Educación. LOE (BOE do 4 de maio).

-Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da LOE (BOE do 14 de xuño).

-Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE (DOG do 16-03-07).

-Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 09-07-2007).

-Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo (DOG do 29-06-2007)

-Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na comunidade Autónoma de Galicia(DOG do 13-07-2007).

-Orden do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.(DOG do 12-09-07)

-Informacións remitidas aos centros educativos para o comezo do desenvolvemento da LOE.

OBXETIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

En consecuencia coa finalidade última da educación "*Que os alumnos/as acaden o pleno desenrolo da súa personalidade no ríspeito ós principios democráticos de convivencia e os seus dereitos e liberdades*", o Departamento de Orientación do CPR. "Ferroviario" ten como obxectivos xerais que guían e dirixen a súa actuación os seguintes:

- Actualizar e elaborar os distintos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- Coordinar e traballar en equipo: coordinación de programacións e proceso avaliador.
- Actuar en relación á promoción da convivencia e á resolución pacífica de conflitos no marco dunha escola plural.
- Colaborar no desenvolvemento do plan da convivencia do centro.
- Colaborar no desenvolvemento do plan de acción tutorial.
- Actuacións que teñan como obxecto a atención a toda a diversidade.

- Propoñer actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias no centro.
- Propoñer medidas encamiñadas a diminuír o absentismo escolar e o abandono temperán dos estudos.
- Asesoramento xeral de saídas profesionais e elección vocacional.
- Colaborar na persoalización da educación, favorecendo o desenrolo de todas as capacidades da persoa, tanto individuais como sociais.
- Planificar, coordinar e desenrola-las actuacións que se organicen no centro para atender á diversidade dos alumnos/as, tanto no que respecta as súas capacidades, intereses e motivacións como ás diferencias que poidan darse debido o seu orixen social ou cultural.
- Contribuir a axeitada interacción entre os integrantes da comunidade educativa: alumnado, familias e profesorado.
- Resalta-los aspectos orientadores da educación: " Orientación en e para a vida", atendendo ó contexto real dos alumnos/as e ó futuro académico-profesional que poidan proxectar para si mesmos, favorecendo a adquisición de aprendizaxes funcionais.
- Colaboración e intercambio de información co Equipo de Orientación Específico, cos Servicios Sociais do Concello, e con todos aqueles organismos e servicios que poidan ter algunha influencia na orientación académica-profesional do alumnado.

PLAN DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para o logro dos obxectivos xerais antes sinalados, e segundo dispón a lexislación vixente, o D.O. centra a súa intervención en tres ámbitos ou programas de actuación:

1. Programa de apoio o proceso de ensinanza-aprendizaxe
2. Apoio ó plan de acción tutorial
3. Plan de orientación académico-profesional

1.-Programa de apoio o proceso de ensinanza e aprendizaxe

O obxectivo fundamental que nos propoñemos, neste ámbito, e colaborar co profesorado na atención a diversidade dos alumnos/as, elaborando propostas para mellora-lo proceso de ensinanza e aprendizaxe da totalidade do alumnado (plan de atención a diversidade). Temos a necesidade de potenciar a capacidade de Aprender, polo que se porá en marcha o programa "Aprender a Aprender", que abarca tanto a intelixencia cognitiva (razoamento, resolución de problemas, linguaxe, técnicas de traballo intelectual, de hábitos de estudo.....) como a Intelixencia Emocional (coñecemento de sí mesmo, autoestima, control das emocións, motivación, relacións interpersoais, resolución de conflitos, habilidades de comunicación.....), que levaremos a cabo na ESO e nas horas de tutoría, traballando conxuntamente o titor de cada curso ca orientadora. Debemos asesorar e ofrecer recursos que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares:

a) Medidas preventivas: Nestas medidas de carácter xeral que están dirixidas a tódolos alumnos/as para a prevención e detección temperá dos problemas da aprendizaxe, farase:

- Análises dos datos dos alumnos/as que cambian de etapa e dos alumnos/as novos no centro.
- Avaliacións iniciais para coñecer o nivel de competencia curricular inicial dos alumnos/as.
- Orientacións o profesorado sobre: metodoloxía, criterios e procedementos de avaliación.
- Coordinar os procesos de avaliación
- Asesorar sobre a súa promoción

- Favorecer o axuste das programacións ó grupo de alumnos.

b) Medidas de apoio ordinarias: Intentamos dar resposta os problemas da aprendizaxe dende dentro do currículo ordinario:

- Avaliación psicopedagóxica de algúns alumnos/as.
- Asesorar ó profesorado sobre actividades de recuperación e reforzo.
- Organizar e desenvolver actividades de reforzo e apoios educativos.
- Potenciar as áreas instrumentais básicas: Lingua e Matemáticas en 1º e 2º da ESO mediante a profesora de Apoio e con materiais específicos que se aportarán dende o Departamento de Orientación.
- Participar no seguimento destes alumnos/as.
- Revisar a resposta educativa ó alumnado con NEE.
- Asesorar e ofrecer ós equipos directivos e ó profesorado en xeral para mellorar a atención á diversidade.
- Coordinar o proceso de avaliación.
- Colaborar cos titores e co profesorado de apoio na revisión dos expedientes académicos dos alumnos.
- Asesorar ós titores e ó profesorado no desenvolvemento de actuacións dirixidas a mellorar as relacións sociais e a convivencia nos centros
- Asesorar ó profesorado e ós alumnos na utilización de técnicas de traballo intelectual que melloren o rendemento escolar.

c) Medidas de carácter extraordinario: Serán medidas de carácter excepcional que se levarán a cabo con alumnos/as que presenten unha gran dificultade para acceder o currículo que lle corresponde por idade e curso escolar. Para isto levaranse a cabo:

- Entrevistas cos pais, profesores e alumno/a.
- Avaliación psicopedagóxica:
 - *Análises da información relevante de tipo escolar, social e familiar.
 - *As medidas educativas adoptadas anteriormente.
 - *Valoración do nivel de competencia curricular alcanzado polo alumno nas distintas áreas.
 - *Valoración da capacidade intelectual a través de probas estandarizadas.
- Adaptación curricular por áreas.
- Elaboración do documento de adaptación individualizado para remitilo ó servizo da inspección correspondente.

2.-Apoio ó plan de acción tutorial.

A acción tutorial instrumentalízase por medio do plan de acción tutorial, que é o marco no que se especifican os criterios e procedementos para a organización e funcionamento das tutorías. Nel vana recoller as liñas de actuacións dos titores co alumnado de cada grupo, cos profesores e coas familias. A acción tutorial terá como obxectivo:

- Favorecer a integración e participación dos alumnos/as na vida do centro.
- Favorecer a integración e participación das familias no centro.
- Realizar o seguimento personalizado do seu proceso de aprendizaxe.
- Facilitar a toma de decisións respecto o seu futuro académico e profesional.

O Departamento de Orientación, en colaboración coa Xefatura de Estudos, coordina e colabora no desenvolvemento do plan de Acción Titorial, facendo propostas de actividades, así como asesorando e apoiando con diversos materiais ós titores/as, ós alumnos/as e os pais.

3.-Plano de orientación académico e profesional.

A orientación académico-profesional ten por obxecto axudar ó estudante ó longo da Educación Secundaria a coñecer, valorar e decidir sobre si mesmo e sobre a súas preferencias, intereses e capacidades académico-profesionais, para que poida formular libre e responsablemente a súa decisión persoal, que deberá concretar nun plan ou proxecto concreto.

Entendemos a orientación académica e profesional como un proceso que se desenvolve durante toda a Educación Secundaria e que ten especial importancia:

- Nos momentos en que decidir unha opción pode condicionar o futuro académico e profesional do estudante: paso de 3º a 4º da ESO, posibilidades académicas e profesionais ó remata-la ESO, eleccións de optativas e itinerarios académicos en Bacharelato ou nos Ciclos formativos de FP, qué facer ó acabar Bacharelato ou ó acabar un Ciclo de Formación Profesional.

As actuacións englobadas neste ámbito, teñen por finalidade axudar ó alumno/a no proceso de toma de decisións, e realizáranse fundamentalmente a través do Departamento de Orientación. As fases que comprende o programa de orientación académico-profesional son tres:

1. Fase de información-investigación: Pretende ampliar os coñecementos que o alumno ten sobre si mesmo, o sistema educativo e o mundo laboral, así como dotalo de habilidades e estratexias persoais de busca, selección, tratamento e selección da información.
2. Fase de reflexión: Pretende promover a reflexión sobre o axuste entre a realidade persoal do alumno/a as opcións e posibilidades que se lle presentan.
3. Fase de toma de decisións: Debe optar por unha das alternativas educativas ou profesionais

É responsabilidade do D.O. coordinar a orientación académica e profesional do alumnado ó longo da súa estancia no centro.

FUNCIÓNS DO D.O.

Establecidas na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998.

- Elaborar, de acordo coas directrices da comisión de coordinación pedagóxica, as propostas de organización da Orientación e do Plano de Acción Titorial.
- Participar na elaboración dos proxectos Educativo e Curricular de Centro.
- Coordinar e traballar en equipo: coordinación de programacións e proceso avaliador.
- Colaborar no desenvolvemento do plan da convivencia do centro.
- Proponer actuacións que promovan unha maior participación e implicación das familias no centro.

- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico ás actividades de orientación e tutoría.
- Colaborar na pronta detección de dificultades ou problemas de aprendizaxe e educativos de desenvolvemento e na rápida intervención para tratar de remedialos.
- Proporcionarlle ó alumnado unha orientación académica e profesional diversificada e individualizada ó longo da Educación Secundaria, a valorar e actualizar as súas preferencias académico -profesionais, para que poida formular libre e responsablemente a súa decisión persoal..
- Diagnóstico,deseño e aplicación de programas individuais de reforzo educativo, adaptacións curriculares e de diversificación curricular.
- Contribuir a que a avaliación se axuste ós principios de avaliación contínua, formativa e orientativa.
- Colaborar activamente cos Equipos de Orientación dos centros da zona.
- Facilitarlle ó alumnado o apoio e a orientación nos momentos de maior dificultade.
- Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa.
- Cooperar cos titores na información ás familias sobre os asuntos relacionados coa orientación académica, psicopedagóxica e profesional.
- Participar na elaboración do consello orientador.
- Asesora-la comisión de coordinación pedagóxica nos aspectos psicopedagóxicos.

RECURSOS E INSTRUMENTOS

Para a Avaliación Psicopedagóxica Individual:

- Escalas de intelixencia, aptitudes, intereses, personalidade
- Técnicas proyectivas
- Enquisas e cuestionarios
- Test de Intelixencia
- Análise da competencia curricular

- Traballos e tarefas escolares
- Protocolos de observación

Para a Avaliación Psicopedagóxica Colectiva:

- Test de Aptitudes
- Escalas de personalidade
- Escalas de Adaptación
- Escalas de intereses
- Cuestionarios de técnicas e habilidades de estudio

Para a Intervención Directa:

- Programas específicos para dificultades de aprendizaxe
- Programas de ensinar a pensar
- Programas de ensinar a comprender
- Programas de ensinar a razoar

Para a Orientación Vocacional:

- Guías de información académica, profesional e laboral
- Charlas informativas xerais
- Charlas informativas impartidas polos institutos de Monforte
- Enquisas

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL

A través dunha reflexión conxunta de todos os membros da comunidade educativa implicados nel, en torno ós obxectivos marcados nas distintas áreas de intervención.

Analizaremos o nivel no que se conseguiron eses obxectivos marcados. Isto serviranos para proceder a realizar as adaptacións oportunas para dar respostas mais contextualizadas ás necesidades do centro.

